

CARACOL, ONDE ESTÁS?

Texto e ilustracións de TOMI UNGERER

Encadernado en cartóné. 17,5 x 21,5 cm. 32 páx. 14 €.

Caracol, onde estás? (galego)

ISBN 978-84-8464-317-3. Tras os montes.

Caracol, ¿dónde estás? (castelán)

ISBN 978-84-8464-316-6. Clásicos contemporáneos.


Caracol, col, col,

bota os cornos ao sol...

“Caracol, onde estás?” publicouse por primeira vez en 1962 e 55 anos despois segue conservando a frescura e a orixinalidade iniciais. Nesta obra para pre-lectores e primeiros lectores, Tomi Ungerer utiliza o recurso da camuflaxe -que tamén lle inspirou “Onde está o meu zapato?”- para propoñer un sinxelo xogo visual: indagar nas formas, escudriñar nos detalles e nos escenarios que rodean os personaxes para atopar o obxecto agochado.

Abonda o título do libro para deixar o interrogante aberto en cada páxina: unha incitación á busca, á curiosidade e ao desenvolvemento da agudeza visual a través de ilustracións recoñecibles e cunha paleta de cores intensas e luminosas.

Así, dende a mesma letra pola que empezan as palabras cunha e caracol, ata a aparencia de diversos elementos do fogar e da vida cotiá, pasando pola fisonomía de numerosos animais e plantas, a presenza da espiral logarítmica -e a súa versión tridimensional en hélice- está moi presente no noso día a día; especialmente na natureza. Basta afinar o enxeño para descubrilas.



- **Temática:** busca da forma do caracol oculta nas ilustracións; a espiral.
- **Idade recomendada:** pre-lectores, primeiros lectores.
- **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil contemporánea; xogo de agudeza visual; do autor e ilustrador de “Onde está o meu zapato?”, “Os tres bandidos”, “Críctor”, “Adelaida”, “Emilio” e “Rufus, o morcego que adoraba as cores” (Kalandraka).

Tomi Ungerer

(Estrasburgo, 1931)

O ambiente bélico dos seus primeiros debuxos reflectía o seu rexeitamento á guerra e ao fascismo. En 1956 emigrou a Nova York, onde comezou a escribir libros infantís que tiveron moito éxito. Publicou en medios tan importantes como The New Yorker, Esquire, Life Show ou Fortune. Xa no cumio da súa carreira durante os anos 60, Ungerer plasmou na súa obra a súa reacción contra a hipocresía e a superficialidade da sociedade americana. Mudouse a unha granxa en Canadá e a finais dos 70 trasladouse a Irlanda coa súa familia. A súa produción, que abrangue catro décadas de creación, calcúlase entre 30.000 e 40.000 traballos de diferentes estilos, e máis de 120 libros. Entre outros galardóns, recibiu a Medalla de Ouro da Sociedade de Ilustradores e o Premio Hans Christian Andersen en 1998. Ao retirarse como debuxante desenvolveu a súa faceta como filántropo, volcándose en causas humanitarias.

<http://www.tomiungerer.com>

<https://www.musees.strasbourg.eu/musee-tomi-ungerer>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com